

A INTEGRACIÓN DESDE UNHA PERSPECTIVA SINDICAL A EDUCACIÓN, UN DEREITO PARA TODOS

**Landelino Pellitero Ramilo.
INTG (CIG).**

Unha organización sindical coma a INTG, que ten coma obxectivo das súas accións a apertura dun sistema de relacións humanas e de traballo máis xusto, afronta a integración desde unha dobre perspectiva:

- a) Coma denuncia do modelo de integración do goberno conservador en Galiza e a elaboración de propostas propias para un modelo alternativo.
- b) Coma organización que busca a mellora das condicións de traballo dos profesionais que traballan na integración.

A. PROPOSTA DUN MODELO PROPIO ALTERNATIVO PARA A INTEGRACIÓN

Xustificamos a existencia dun modelo porque consideramos un erro pensar que a transformación da realidade educativa galega vai vir por xeración espontánea ou pola empatía positivista que poida contaxiar unha pequena vangarda de profesorado activo. Un modelo propio adaptado á realidade galega. Aínda que o obxectivo final de integración máxima, no ensino regular, coincida co de outros modelos progresistas de países alleos, a súa transposición mimética pode converterse en contraproducente, e carecer do mínimo rigor que require unha pedagogía, onde o medio desempeña un papel fundamental.

Non esquecemos a responsabilidade do poder político, xa que este debería crear condicións socioeconómicas necesarias que impidan na raíz a maior parte das patoloxías.

Manifestamos a nosa convicción de que unha mellora na calidade de vida dos sectores máis desfavorecidos, impediría a aparición da maior parte das disfuncións educativas. Recoñecemos que as medidas aquí propostas só son correctoras, tendentes a paliar as consecuencias dunha sociedade competitiva inxusta, que xera ao mesmo tempo riqueza en certos niveis e discriminación ou miseria en amplos sectores sociais.

Para a UTEG/INTG, o Ensino Especial ten que afastarse da visión negativista e patolóxica que ate agora suxire o termo 'Educación Especial'. Polo tanto o Ensino Especial non só ten que abarcar aos tratamentos terapéuticos correctores de deficiencias, senón que ten que enmarcarse nunha visión global da Orientación Educativa, dirixida a todos aqueles rapaces que precisen atención especial psicopedagóxica ou que simplemente presenten algunha necesidade educativa, que no Sistema Educativo 'standarizado' non se pode satisfacer.

Na alternativa da INTG para o ensino, incluímos a todos os axentes persoais que integran o actual Sistema Educativo: Equipas Psicopedagóxicas, profesores de Ensino Especial, Tutores, Departamentos de Orientación, Pais, Alumnos ... O persoal non especializado, que ate agora aseguraba vivir na inseguridade pola súa falta de preparación específica, e tiña que soportar atención de convivir con alumnos que presentaban unha especial dificultade, sentindo a impotencia da desinformación,

contaría agora co asesoramento de novos especialistas. Estes atoparíanse nunha proporción razoable, que garante a asistencia.

Neste modelo tamén van entrar en escena outras titulacións non estritamente educativas (profesións alleas ao ensino tradicional, pero que nunha concepción progresista da Educación, teñen que estar integradas).

A Comisión Interdepartamental para a Integración dos Minusválidos, xa creada legalmente, debe ser o marco para a discusión deste modelo multiprofesional e para a elaboración dun Plan Galego de Atención aos Alumnos con Necesidades Educativas Especiais, onde se aborden as cuestións educativas e as medidas de infraestrutura e de apoio necesarias para posibilitar a integración como: eliminación de barreiras arquitectónicas, transporte escolar adecuado, asistencia social, asistencia médica, sensibilización social...

No deseño do noso Catálogo de Postos de Traballo que dea corpo a este modelo, contemplaremos a creación das EQUIPAS DE ALICERCE, que actuarán coma órganos colexiados e que terán o seu ámbito de actuación na zona que se determine máis conveniente (Concello, Zona ... segundo as características).

As equipas deberán estar coordinadas por profesionais dos Gabinetes Técnicos Educativos, directamente dependentes dunha necesaria SUBDIRECCIÓN XERAL DE RENOVACIÓN PEDAGÓXICA.

TIPOS DE ATENCIÓN OU NIVEIS

- De 0 a 3 anos: Atención temperá en casos puntuais.
- De 3 a 6 anos: Habería que incluílos nos Sistema de Ensino Obrigatorio.
- De 6 anos ate o remate do ensino obrigatorio, con garantía de atención posterior ás idades contempladas no ensino obrigatorio (Equipas de Alicerce).

1. ATENCIÓN TEMPERÁ: Domiciliaria ou Asistencial (Tipo Ambulatorio)

Adicárase a aqueles nenos que amosan déficits graves nos primeiros anos (de 0 a 3) e precisen unha ESTIMULACIÓN PRECOZ. Para a UTEG/INTG non ten xustificación ningunha que teñan que esperar á idade escolar para poder ser atendidos polo sistema educativo, caso dos cegos, xordos, parálise, etc. As Equipas de Atención Temperá integraranse e formarán parte tamén das Equipas de Alicerce de Zona, nunha concepción evolutiva e global da educación. (As E.A.T. xa levan funcionando anos noutras Comunidades con competencias plenas).

2. EQUIPAS DE ALICERCE

De estrutura zonal, que podería coincidir co Concello, ou comarcais en función de criterios obxectivos que contemplen o número de alumnos escolarizados, cuxa base poden ser as actuais Equipas Psicopedagóxicas. Atenderían a poboación escolar de 16 anos.

Reuniranse, colexiada e periodicamente, para definir as prioridades asistenciais na zona. Será da súa responsabilidade a elaboración de Plans de Acción específicos das zonas e serán os coordinadores de todas as necesidades educativas que aparezan no seu

territorio. As Equipas de Alicerce deberán dispor de instalacións e arquivos onde poidan levar o control dos expedientes e a documentación das relacións mantidas con outras institucións ou estamentos susceptibles de colaborar nas tarefas reeducadoras.

Cómpre crear unha edificación propia que sirva de soporte físico para esta función. A Consellería de Educación buscará de inmediato un lugar digno para cada unha das Equipas de Alicerce.

A súa acción non será só o medio escolar, senón que tamén tratará de estudar e incidir no medio ambiental e familiar.

As E.A. non dependerían da Inspección Educativa como ate agora, senón directamente da futura Subdirección Xeral de Renovación Pedagóxica e Ensino Especial, quen será a responsabel política do seu funcionamento, para iso cómpre artellar unha rede de Técnicos Educativos que coordinen a súa acción.

Da Dirección Xeral de Renovación Pedagóxica e Ensino Especial tamén dependerá a elaboración dos Plans Galegos de Atención aos Alumnos con Necesidades Educativas Especiais. Os P.G.A.A.N.E.E., que contemplarán aquelas problemáticas comúns a toda Galiza, trazarán as prioridades e deseñarán as liñas de actuación básicas.

As Equipas de Alicerce tenderían a coordinarse cos CEPs (para programar cursos axeitados á problemática específica da Zona, que impliquen a todo o profesorado que exerce no seu ámbito), coordinaranse tamén co Centro Nacional de Recursos de Educación Especial e manterán relacións especialmente estreitas coas autoridades sanitarias, cando se trate de aplicar Plans preventivos sanitarios ao medio educativo. Exemplo, caries, SIDA, etc.

Calquera membro da comunidade educativa (Pais, Alumnos, Profesores, Responsabeis dos Departamentos de Orientación Escolar ...) poderá dirixirse aos E.A. en busca das solucións educativas que necesiten axuda profesional sobre nenos en período escolar.

DESEÑO BASE PARA UN FUTURO CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABALLO GALEGO.

Catálogo mínimo do persoal necesario nos cadros de persoal dos centros e das Equipas, para a confección do catálogo de postos de traballo nesta área:

NAS EQUIPAS DE ALICERCE:

Psicólogo/a ou Pedagogo/a. *Funcións:* Diagnose, elaborar P.D.I.s e as modificacións curriculares. Orientación Pedagóxica e Orientación Educativa aos centros, titores, etc.

Logopeda de zona. *Funcións:* Detectar erros logopédicos comúns á zona. Coordinar o labor dos logopedas de centro. Coordinar plans de lectura comprensiva, etc.

Asistente/a Social. *Funcións:* Atención e información no contorno familiar. Buscar e informar de axudas oficiais nas situacións que o requiran, etc.

Estimuladores/as Precoces. *Funcións:* Atención domiciliaria ou no local (xestións tipo ambulatorio) a aquelas deficiencias que requiran un trato prematuro (cegos, xordos, parálise cerebral, etc)

Logopeda, Psicólogo/a ou Especialista en Lingua Galega con formación Sociolingüística. *Funcións:* Normalización Lingüística, problemas derivados da diglosia, formación sociolingüística do profesorado e alumnado, etc.

3. ESPECIALISTAS NOS CENTROS. O espacio físico de traballo será o centro ordinario.

Desenvolverán os Plans de Desenvolvemento Individual ou as modificacións curriculares propostas polas Equipas de Alicerce. Farían a atención directa nos centros ordinarios.

PERSONAL NECESARIO NOS CENTROS:

Profesor/a de Apoio con especialidade en Pedagogía Terapéutica.

Exercerá a súa función dentro da aula ordinaria, na que se atopa o neno con necesidades educativas especiais, agás nos casos en que requira unha atención puntualmente individualizada.

Logopeda. Abordaría os cotiáns problemas de linguaxe que existen en todos os centros.

Psicomotricistas e Especialistas en Xogo.

Profesionais Especializados. Para Xordos, Cegos, Paralíticos Cerebrais etc. Só cando existan alumnos con Necesidades educativas específicas.

Todos os centros terán a mesma porcentaxe de especialistas, podendo un especialista atender unitarias ou varios centros (cobrando as dietas oficiais correspondentes).

Coidadores/as. Indispensables nos labores asistenciais pola súa colaboración en certo tipo de deficiencias, fundamentalmente nas físicas (nos desprazamentos, na hixiene, na alimentación, etc). O número de coidadores dependerá da cifra de alumnos que requiran deste persoal.

Haberá unha coordinación de todos estes especialistas coas Equipas de Alicerce de Zona, mensual en tempo lectivo.

CENTROS ESPECÍFICOS

Son aceptados pola UTEG/INTG de xeito transitorio, pero só nos termos expostos; tanto pola Consellería de Educación, na súa Circular de Educación Especial, coma polas Xornadas Internacionais de Glasgow.

Estes centros deberán estar atendidos por profesionais de Educación Especial e de Orientación Educativa. Deberán contar, asemade, co necesario apoio dun número suficiente de coidadores.

PLAN XERAL DE MEDIDAS UR XENTES PARA EDUCACIÓN ESPECIAL NO MARCO LEGAL GALEGO

Introducción.

Se facemos unha visión retrospectiva do sistema educativo español atopamos as orixes da intervención psicopedagóxica na Lei Xeral de Educación, que no ano 1970 enunciaba o dereito dos alumnos á Orientación Educativa. No ano 77 ao aveiro da Lei Xeral de Educación créanse os Servicios de Orientación Escolar e Vocacional. A Lei de Integración dos Minusválidos do ano 82 permitirá a creación das Equipas Multiprofesionais, cuxo funcionamento regularase polo Real Decreto de Ordenación da Educación Especial do ano 1985, no que se posibilita o funcionamento dos Equipos de Atención Temprá. Esta relación completárase no futuro cos artigos 36 e 37 da LOXSE.

Este meste e teórico entramado legal é da xestión, administración e responsabilidade política das comunidades con competencias educativas plenas. A UTEG/INTG considera unha irresponsabilidade tentar avaliar o grao de cumprimento da lexislación

sobre a integración, subministrando datos aportados polo territorio administrado polo MEC. Froito da nosa análise sobre a situación galega, temos elaborado un Plan de Medidas Urxentes para a Educación Especial, que non se asemella ren ás necesidades que poida haber en calquera outra Administración Educativa do estado.

MEDIDAS URXENTES

1. Cómpre dotar de Equipas Psicopedagóxicas a aquelas zonas infradotadas. Durante os cursos académicos 1989/90/91 zonas enteiras quedaron sen orientadores, non dispoñendo da máis mínima asistencia psicopedagóxica, porque a Consellería non destinou aos profesionais que xa tiña escollidos e nomeados. Nos cursos 89/90 e 90/91 non cubriu as vacantes nin nomeou substitutos para as prazas desertas (Inspectores, Anos Sabáticos, postos políticos ...). Isto supón un gravísimo prexuízo para os alumnos afectados e a sociedade en xeral.

A ratio Orientador/Nº de alumnos é francamente esaxerada, o que impide na práctica a elaboración dos diagnósticos e a confección dos Plans de Desenvolvemento Individual.

2. Posta en funcionamento urxentemente do CENTRO NACIONAL DE RECURSOS DE EDUCACIÓN ESPECIAL. Vai para sete anos que está creado e en funcionamento noutras zonas do estado, con actividades de publicacións, formación permanente, etc; namentres en Galiza está paralizado. O problema agrándase cando Galiza necesita material reeducador adecuado a unha realidade sociolingüística propia.

3. A Administración Educativa Galega é a responsable de que os centros non se queiran acoller aos Plans de Integración nos centros ordinarios e non se mostren dispostos a acoller nenos de integración. A situación é distinta no territorio MEC, xa que o número de solicitudes alomenos triplica ao de prazas ofertadas. Os compromisos adquiridos con eses centros teñen que ser escrupulosamente cumpridos. Débese prestar especial atención e mimo ás Institucións docentes co fin de crear actitudes positivas cara á Integración escolar. De feito dase unha boa aceptación por parte dos profesores das aulas ordinarias que non se corresponde coa cifra ridícula de centros que queren acollerse ao plan de Integración. A desinformación, a inseguridade e o incumprimento dos compromisos adquiridos son as razóns esgrimidas polo profesorado galego.

4. Plans de formación para todos os especialistas ou profesores de aula ordinaria que estean en relación con nenos con Necesidades Educativas Especiais e participen en programas de integración.

5. Namentres o concepto de Aula de Educación Especial, concibida como espazo físico pequeno, reducido e illado nos centros está a piques de desaparecer nas distintas Administracións Educativas con competencias, para dar paso a unha integración directa nas aulas ordinarias, na Galiza non semella preocupar esta situación, nin se ofrecen alternativas que avancen no obxectivo dunha única escola que asuma as diferencias.

Non podemos aceptar como solución a proposta da Consellería de Educación que, textualmente, di: 'A ubicación da aula de educación especial gozará de similares condicións que calquera outra do centro en proporción ao número de alumnos a atender en presenza simultánea'. Isto significa un máximo aproximado de 8 m², o que imposibilita certas actividades indispensabeis en carquera labor reeducador.

6. Dotación ECONÓMICA E MATERIAL para as EQUIPAS PSICOPEDAGÓXICAS, a situación viuse agravada neste mesmo ano coa súa diminución das cantidades asigna das pola Consellería de Educación (en certas zonas e épocas non teñen cartos nin para mercar a gasolina que lles permita desprazarse aos centros).

7. Creación da Subdirección Xeral de Renovación Pedagóxica e Educación Especial. Semella lóxico que unha tarefa tan específica coma a Educación Especial, encadrada no marco da Renovación Pedagóxica, posúa a súa propia organización Administrativa. A modo de exemplo diremos que no MEC existe unha Dirección Xeral de Innovación Educativa e tres subdireccións xerais dependentes dela. A Subdirección xeral de Educación Especial ten entidade administrativa propia e dispón de diversos Asesores técnico docentes, que coordinan o funcionamento dos diversos plans de integración con vistas aos centros e ás Equipas Psicopedagóxicas que os atenden.

Situación ben distinta ao caso galego onde o grao máximo de organización que houbo foi un Gabinete asesor, sen capacidade executiva ningunha, formado por unha soa persoa, que abandonou a Consellería para adicarse ao seu novo destino na Inspección.

Falando en termos coloquiais diríamos que a organización Administrativa que existe na Consellería de Educación, limítase a algún funcionario polivalente que ‘toca varias teclas’ e que ten funcións variopintas. El é o encargado de representar ao Goberno Galego cando se teñen que expoñer publicamente as posturas da Consellería.

Nos encontros de especialistas en Educación Especial a Nivel de Estado ou Internacionais en Europa, o caso galego é o paradigma do abandono Administrativo.

8. Publicación inmediata das Avaliacións anuais da Educación Especial. Cómpre sacar á luz pública os informes xa elaborados pola Consellería de Educación, nos que se aportan os datos estatísticos e cuantificados da nosa realidade. Só da análise dos datos reais, poderán sentarse as bases para a elaboración dun Plan Galego de Atención aos alumnos con Necesidades Educativas Especiais. Non ten ningún obxecto que estes datos permanezan no silencio administrativo.

9. Abrir de inmediato unha mesa técnica de Debate cos profesionais (Equipas Psicopedagóxicas, profesores, pais, especialistas en educación para a saúde ...) e sindicatos (mesa sectorial) para a elaboración dun Plan Galego de Atención aos alumnos con Necesidades Educativas Especiais.

Por último non quixeramos pasar por alto certas prácticas anacrónicas que aínda se están a dar en certos centros, pola Incapacidade dalgúns directores ou inspectores, como por exemplo:

- Os cartos destinados para Educación Especial son gastados noutros fins, a pesares da oposición do profesor responsable da aula de Educación Especial.
- Algúns directores obrigan a substituír aos profesores de Educación Especial cando hai algunha falla doutro compañeiro dunha aula ordinaria.
- Terse Impedido a celebración de reunións de coordinación entre o profesorado de Educación Especial e as Equipas Psicopedagóxicas.
- A Intromisión no labor e criterios das Equipas Psicopedagóxicas á hora da organización do traballo, por parte dalgún inspector, prohibindo Incluso a asistencia a un determinado centro.

Estes comportamentos, a pesares de estar prohibidos na Circular 25/10/88, séguense a dar con impiedade, polo que esiximos da Consellería que persiga aos detractores da integración para posibilitar un normal funcionamento dos distintos estamentos implicados.